

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**3949** *REAL DECRETO 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior.* («BOE» 55, do 4-3-2004.)

O artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución atribúelle a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais á competencia exclusiva do Estado. Pola súa vez, o artigo 36.2.b) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, sinala que o Goberno regulará, logo do informe do Consello de Coordinación Universitaria, as condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior.

Esta materia rexeuse ata a data polo disposto no Real decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, ditado en desenvolvemento da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria. Trátase dunha norma con máis de 15 anos de vixencia que debe ser adecuada a un contexto normativo, social e educativo radicalmente distinto. Por outra parte, nestes anos acumulouse unha importante experiencia, que se pode aplicar para redefinir determinados aspectos e para afrontar as novas situacións que se xeraron nese tempo.

É importante destacar, en primeiro lugar, a incidencia da plena incorporación de España á Unión Europea e a subseguinte aplicación dos mecanismos de recoñecemento profesional de títulos e de harmonización de determinadas formacións en virtude das directivas comunitarias. Neste sentido, o impulso da mobilidade nos últimos anos, tanto a través de medidas normativas como a través de programas concretos, incrementou as posibilidades de desprazamento para os españois coa finalidade de realizaren estudos total ou parcialmente noutros países.

Así mesmo, estamos nun contexto de modificación da normativa que afecta a educación superior tanto no marco da Declaración de Bolonia como da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Neste sentido, este real decreto incorpora aqueles elementos novos de ambos os procesos que permiten axilizar o procedemento de homologación de títulos estranxeiros de educación superior.

España, ademais, pasou a ser un país receptor de poboación estranxeira, e este factor implica por si mesmo un cambio social que se manifesta no importante aumento do número de solicitudes de homologación de títulos universitarios estranxeiros. Este incremento non é meramente conxuntural, senón unha tendencia que se manterá nun futuro previsible.

Neste contexto, cómpre darlles resposta eficaz a problemas xurdidos da práctica administrativa concreta nes-

te ámbito e que se foron detectando nos últimos anos. O sistema de homologación debe atender principalmente a dúas finalidades concorrentes. Unha refírese aos titulados no estranxeiro, aos que se lles permite desta maneira ver recoñecida en España a súa formación. A outra afecta o conxunto da sociedade española e está dirixida a que a incorporación destes titulados se realice coas debidas garantías, en pé de igualdade coas exixencias requiridas aos titulados polo sistema educativo nacional. A conxunción de ambos os fins no sistema de homologación e validación que se regula neste real decreto posibilita, así mesmo, que o noso país se beneficie da incorporación de titulados estranxeiros xa formados.

Por outro lado, o sistema que se diseña por este real decreto concibe a homologación non como unha absoluta identidade en canto ás denominacións ou contidos dos programas formativos, pois iso conduciría á denegación da maior parte das solicitudes de homologación, senón como unha equiparación entre a formación sancionada polo título estranxeiro e a que proporciona o que pode ser o correspondente español.

O real decreto busca dar resposta á crecente mobilidade que necesita ser apoiada por títulos académicos. Por iso, regúlase a posibilidade de declarar a homologación non a un título dos do Catálogo de títulos universitarios oficiais, senón a un grao académico dos previstos no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. A homologación a grao académico daralles resposta máis rápida ás demandas de formación en España de titulados conforme sistemas educativos estranxeiros.

Trata, ademais, de adecuar a normativa sobre homologación ás exixencias e directrices emanadas das institucións europeas, no ámbito da liberdade de establecemento, de prestación de servizos e da mobilidade dos traballadores e profesionais dos Estados membros da Unión Europea. Avanza considerablemente no recoñecemento para efectos académicos destes títulos.

Simplificar a homologación dos títulos expedidos en Estados membros da Unión Europea aos títulos e graos españois, cando o solicitante conte co recoñecemento dos efectos profesionais da súa titulación é unha vía que este real decreto deixa aberta, para ir avanzando na medida que o dereito comunitario o vaia establecendo. Deste modo favorécese a mobilidade europea non só no plano profesional, senón no ámbito académico.

En consecuencia, esta regulación das condicións de homologación dos títulos estranxeiros de educación superior trata de cumprir os seguintes obxectivos: conseguir a simplificación e celeridade na resolución dos expedientes e dotar de coherencia os distintos elementos que configuran un procedemento que pon en relación sistemas educativos en ocasións moi diferentes. Finalmente, abórdase tamén unha nova regulación da validación parcial de estudos universitarios estranxeiros.

Na elaboración deste real decreto emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2004,

## DISPONGO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto regula:

a) As condicións e o procedemento para a homologación de títulos de educación superior, obtidos conforme sistemas educativos estranxeiros, aos correspondentes títulos españois do Catálogo de títulos universitarios oficiais a que se refire o artigo 34 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, ou a aqueles que puidesen substituílos en virtude do artigo 88 da citada lei.

b) As condicións e o procedemento para a homologación de títulos de educación superior, obtidos conforme sistemas educativos estranxeiros, aos graos académicos de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e doutor, a que se refire o artigo 37 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, ou a aqueles que puidesen substituílos en virtude do artigo 88 da citada lei.

c) Determinados aspectos do procedemento de validación de estudos estranxeiros por estudos parciais universitarios españois.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplícase:

a) Á homologación de títulos estranxeiros de educación superior cuxas ensinanzas fosen cursadas en universidades ou institucións de educación superior radicadas fóra de España.

b) Á homologación de títulos estranxeiros de educación superior cuxas ensinanzas fosen cursadas total ou parcialmente en España en centros debidamente autorizados polas Administracións españolas competentes.

c) Á validación de estudos estranxeiros por estudos universitarios españois parciais.

##### Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Homologación a un título do Catálogo de títulos universitarios oficiais: o recoñecemento oficial da formación superada, para a obtención dun título estranxeiro, como equivalente á existida para a obtención dun título español dos incluídos no citado catálogo.

b) Homologación a grao académico daqueles en que se estruturan os estudos universitarios en España: o recoñecemento oficial da formación superada para a obtención dun título estranxeiro, como equivalente á existida para a obtención dun grao académico inherente a calquera dos niveis en que se estruturan os estudos universitarios españois e non a un título concreto.

c) Validación: o recoñecemento oficial da validez para efectos académicos de estudos superiores realizados no estranxeiro, finalizasen ou non coa obtención dun título, respecto de estudos universitarios españois

parciais que permitan proseguir os ditos estudos nunha universidade española.

d) Título estranxeiro de educación superior: calquera título, certificado ou diploma con validez oficial acreditativo da completa superación do correspondente ciclo de estudos superiores, incluído, se é o caso, o período de prácticas necesario para a súa obtención, expedido pola autoridade competente de acordo coa lexislación do Estado ao que pertencen os ditos estudos.

e) Títulos con validez académica oficial no país de orixe: os títulos que outorgan graos académicos de educación superior integrantes dun determinado sistema educativo e os recoñecidos como equivalentes a aqueles polas autoridades competentes do país en que se imparten.

f) Estudos implantados na súa totalidade en España: aqueles en que, coa autorización da Administración competente, se estea impartindo, en polo menos unha universidade, o último curso de duración teórica dos estudos conducentes ao título de que se trate.

##### Artigo 4. *Efectos.*

1. A homologación outórgalle ao título estranxeiro, desde a data en que sexa concedida e se expida a correspondente credencial, os mesmos efectos do título ou grao académico español co cal se homologa en todo o territorio nacional, de acordo coa normativa vixente.

2. A validación ten os efectos que correspondan á superación dos estudos parciais polos que se conceda no sistema educativo español.

##### Artigo 5. *Exclusións.*

1. Non se poderá conceder a homologación de títulos obtidos conforme sistemas educativos estranxeiros respecto de:

a) Os títulos e diplomas propios que as universidades impartan conforme o artigo 34.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

b) Os títulos españois cuxos plans de estudos se extinguisen ou que aínda non estean implantados na súa totalidade en polo menos unha universidade española.

2. Non serán obxecto de homologación ou validación os seguintes títulos ou estudos estranxeiros:

a) Os que carezan de validez académica oficial no país de orixe.

b) Os correspondentes a estudos estranxeiros realizados, en todo ou en parte, en España cando os centros carezan da preceptiva autorización para impartir tales ensinanzas, ou ben cando as ensinanzas sancionadas polo título estranxeiro cuxa homologación se pretende non estivesen efectivamente implantadas na universidade ou institución de educación superior estranxeira no momento en que esta expediu o título, de acordo co sinalado no artigo 86 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Non obstante, cando esas circunstancias afecten só a parte dos estudos realizados, os estudos parciais que non incorran nelas poderán ser obxecto de validación, se é o caso.

c) Os títulos que fosen xa homologados en España, ou os estudos superados para a súa obtención que fosen xa obxecto de validación para continuar estudos en España.

3. Non se poderá conceder a homologación a un título español de posgrao cando o interesado non estea previamente en posesión do título español de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, ou do correspondente título estranxeiro homologado.

**Artigo 6. *Taxas.***

1. As taxas que teñan que aboar os interesados, de acordo co artigo 28 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, correspondentes á iniciación do procedemento, constituirán ingresos exixibles polo órgano competente para a resolución.

2. A xustificación do aboamento da taxa será requisito necesario para a tramitación do expediente.

**CAPÍTULO II****Procedementos de homologación de títulos estranxeiros de educación superior****SECCIÓN 1.<sup>a</sup> HOMOLOGACIÓN A TÍTULOS DO CATÁLOGO DE TÍTULOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS****Artigo 7. *Iniciación do procedemento.***

1. O procedemento iniciarase mediante solicitude do interesado, dirixida ao titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, presentada en calquera dos lugares establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Por orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte determinaranse os modelos normalizados de solicitude, a documentación que xustifique o contido da petición e os requisitos a que se deben axustar os documentos necesarios para iniciar o procedemento.

**Artigo 8. *Instrución do procedemento.***

Os actos de instrución serán efectuados de oficio pola Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións e suxeitaranse ás previsións correspondentes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 9. *Criterios para a homologación.***

1. As resolucións sobre homologación de títulos estranxeiros adoptaranse examinando a formación adquirida polo alumno e tendo en conta:

a) A correspondencia entre os niveis académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao título español.

b) A duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa homologación se pretende.

c) A correspondencia entre os niveis académicos do título estranxeiro e do título español ao que se solicita a homologación.

d) Os contidos formativos superados para a obtención do título estranxeiro.

2. Para a homologación a un título español de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, o título estranxeiro debe permitir no país de procedencia o acceso a estudos de posgrao.

3. Cando a formación correspondente ao título español estea harmonizada en virtude de directivas comunitarias, a homologación exixirá o cumprimento dos requisitos previstos nas respectivas directivas.

**Artigo 10. *Comités técnicos.***

1. A resolución sobre a homologación adoptarase logo do informe motivado dun comité técnico designado polo secretario de Estado de Educación e Universidades.

2. Mediante orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte regularase o procedemento para o nomeamento e o funcionamento dos comités técnicos.

**Artigo 11. *Composición dos comités técnicos.***

Cada comité técnico estará formado por cinco membros:

a) Un presidente que será o secretario de Estado de Educación e Universidades ou persoa en quen delegue.

b) Tres expertos designados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte de entre os propostos pola Comisión Académica do Consello de Coordinación Universitaria.

c) Un funcionario de carreira, da Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que actuará como secretario.

**Artigo 12. *Informes.***

1. O informe motivado do comité técnico, que se realizará atendendo aos criterios recollidos no artigo 9, poderá ser:

a) De carácter xeral, cando se pronuncie de forma xenérica sobre unha determinada titulación estranxeira.

b) De carácter particular, referido de forma concreta á formación específica nunha titulación estranxeira achegada polo solicitante.

2. En ambos os casos deberá pronunciarse en sentido favorable, favorable condicionado á previa superación de requisitos formativos complementarios ou desfavorable.

3. Este informe terá o carácter de preceptivo e determinante para os efectos previstos no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberá ser emitido no prazo de tres meses desde que sexa solicitado polo órgano instructor.

**Artigo 13. *Excepcións á necesidade de solicitude de informe.***

O órgano instructor non requirirá solicitar o informe técnico motivado para a solicitude concreta nos seguintes supostos:

a) Cando concorra algunha das causas de exclusión recollidas no artigo 5.

b) Cando sexan aplicables informes de carácter xeral sobre a homologación, a súa denegación ou o seu condicionamento á previa superación de requisitos formativos complementarios, relativos á duración, ao contido e ao nivel académico requiridos para a obtención do título estranxeiro cuxa homologación se solicita, aprobados previamente por algún comité técnico dos referidos no o artigo 10.

c) Cando exista un informe de acreditación da titulación estranxeira da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, adoptado mediante resolución da Dirección Xeral de Universidades. O informe debe versar, polo menos, sobre a duración, o contido e o nivel académico da titulación.



**Artigo 14. Resolución.**

1. Instruído o procedemento e cumprido o trámite de audiencia nos supostos en que resulte necesario en virtude do artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o órgano instrutor formulará a correspondente proposta de resolución.

2. A resolución será adoptada polo ministro de Educación, Cultura e Deporte, ou o órgano en quen delegue.

3. A resolución do procedemento será motivada e conterá un dos seguintes pronunciamentos:

a) A homologación do título estranxeiro ao correspondente título español do Catálogo de títulos universitarios oficiais.

b) A denegación da homologación solicitada.

c) A homologación condicionada á previa superación de requisitos formativos complementarios nos termos sinalados no artigo 17. Neste caso, a resolución deberá indicar de forma expresa as carencias de formación observadas que xustifiquen a existencia destes complementos de formación, así como os aspectos sobre que estes deberán versar.

**Artigo 15. Prazos.**

1. O prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Segundo se establece na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e no seu anexo 2, a falta de resolución expresa no prazo sinalado permitirá entender desestimada a solicitude de homologación.

**Artigo 16. Credenciais.**

1. As resolucións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior formalizaranse mediante credencial expedida pola Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, axustada aos modelos que aprobe o dito departamento.

2. Cando a homologación quedase condicionada á previa superación de requisitos formativos complementarios, a credencial expedirase cando se acredite ante o órgano instrutor o cumprimento dos ditos requisitos.

3. As credenciais de homologación quedarán inscritas nunha sección especial do Rexistro nacional de títulos ao que se refire o Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios.

**Artigo 17. Requisitos formativos complementarios.**

1. Cando se detecten carencias na formación acreditada para a obtención do título estranxeiro, en relación coa exixida para a obtención do título español co que se pretende homologar, cuxa entidade non sexa suficiente para denegar a homologación, esta quedará condicionada á previa superación polo interesado duns requisitos formativos complementarios.

2. Estes requisitos formativos determinaranse atendendo ao informe previsto no artigo 12 ou no artigo 13.b) ou c), segundo proceda, e a súa finalidade será a equiparación dos niveis de formación entre as titulacións estranxeira e española.

3. Os requisitos formativos complementarios poderán consistir na superación dunha proba de aptitude, na realización dun período de prácticas, na realización dun proxecto ou traballo ou na asistencia a cursos tute-

lados que permitan emendar as carencias formativas advertidas.

4. A superación destes requisitos realizarase a través dunha universidade española ou centro superior correspondente, de libre elección polo solicitante, que teña implantados na súa totalidade os estudos conducentes ao título español ao cal se refire a homologación. O ministro de Educación, Cultura e Deporte determinará mediante orde as disposicións necesarias para a ordeación e realización destes complementos formativos.

5. Cando o interesado non supere os requisitos formativos exixidos no prazo de dous anos, contados desde a notificación da resolución, a homologación condicionada perderá a súa eficacia, sen prexuízo de que, a partir dese momento, o interesado poida solicitar a validación por estudos parciais.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> HOMOLOGACIÓN A GRAOS ACADÉMICOS DOS ESTABLECIDOS NO ARTIGO 37 DA LEI ORGÁNICA 6/2001, DO 21 DE DECEMBRO, DE UNIVERSIDADES

**Artigo 18. Obxecto.**

1. Poderase solicitar a homologación de títulos estranxeiros de educación superior aos graos académicos de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou doutor ou aqueles que os substitúan.

2. O procedemento será o previsto na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II deste real decreto, coas peculiaridades que se recollen nos artigos seguintes.

**Artigo 19. Criterios para a homologación a graos académicos.**

1. As resolucións sobre a homologación a grao académico adoptaranse tendo en conta os seguintes criterios:

a) A correspondencia entre os niveis de acceso académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao grao académico español de que se trate.

b) A duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa homologación se pretende.

c) A correspondencia entre o grao académico dos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e o correspondente grao académico español ao que se solicita a homologación.

2. Para a homologación ao grao académico español de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, o título estranxeiro debe permitir no país de procedencia o acceso a estudos de posgrao.

**Artigo 20. Resolución.**

A resolución do procedemento será motivada e conterá un dos seguintes pronunciamentos:

a) A homologación do título estranxeiro ao correspondente grao académico español.

b) A denegación da homologación solicitada.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS DE EDUCACIÓN SUPERIOR EXPEDIDOS NUN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA

**Artigo 21. Homologación a grao académico.**

Cando se solicite a homologación dun título correspondente a ensinanzas realizadas conforme sistemas

educativos de países da Unión Europea a un grao académico español, seguirase o procedemento recollido na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II deste real decreto. A resolución de homologación terá en conta unicamente os criterios establecidos nos puntos 1.c) e 2 do artigo 19.

**Artigo 22. *Recoñecemento profesional dos títulos da Unión Europea.***

O recoñecemento profesional dos títulos de educación superior expedidos polos Estados membros da Unión Europea rexeráse polos procedementos previstos polas directivas comunitarias e a correspondente normativa española de transposición.

**CAPÍTULO III**

**Validación de estudos estranxeiros por estudos universitarios españois parciais**

**Artigo 23. *Competencia e criterios de validación.***

A validación de estudos estranxeiros por estudos universitarios españois parciais correspóndelle á universidade española en que o interesado desexe proseguir os seus estudos, de acordo cos criterios que fixe o Consello de Coordinación Universitaria de conformidade co artigo 36.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

**Artigo 24. *Estudos estranxeiros obxecto de validación.***

1. Poderán ser obxecto de validación os estudos estranxeiros de educación superior que cumpran os criterios a que se refire o artigo anterior e non incorran en ningunha das causas de exclusión recollidas no artigo 5, rematasen ou non coa obtención dun título.

2. Cando os estudos conclúsen coa obtención dun título estranxeiro, o interesado poderá optar entre solicitar a homologación por un título universitario oficial español ou a validación por estudos parciais, tendo en conta que ambas as posibilidades non se poden solicitar simultaneamente e están sometidas ás seguintes regras:

a) Cando se solicita a homologación do título e esta fose denegada, o interesado poderá solicitar a validación parcial dos seus estudos, sempre que a denegación non se fundase nalgunha das causas recollidas no artigo 5.

b) Cando os estudos superados para a obtención do título fosen xa obxecto de validación para continuar estudos en España, non se poderá obter a súa homologación.

**Disposición adicional primeira. *Normativa comunitaria.***

O disposto neste real decreto enténdese sen prexuízo do establecido sobre a materia no Tratado de Adhesión de España ás Comunidades Europeas, o Tratado da Unión Europea e o dereito comunitario derivado.

**Disposición adicional segunda. *Especialidades en ciencias da saúde.***

A homologación de títulos estranxeiros de educación superior aos correspondentes títulos oficiais españois acreditativos das especialidades sanitarias rexeráse pola súa normativa específica.

**Disposición adicional terceira. *Recursos humanos e materiais.***

O funcionamento dos comités a que se refire este real decreto atenderase cos medios humanos e materiais do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, sen que, en ningún caso, supoña incremento de gasto público.

**Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos procedementos.***

Os expedientes de homologación de títulos estranxeiros de educación superior iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto continuarán a súa tramitación e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da súa iniciación.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Quedan derogados o Real decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.***

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no primeiro inciso do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española e de acordo co establecido no artigo 36 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

**Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro.***

O punto dous.1 do anexo I do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, queda redactado da seguinte forma:

«Serán susceptibles de validación as materias cursadas no estranxeiro cando o contido e carga lectiva sexan equivalentes, de acordo cos criterios establecidos polo Consello de Coordinación Universitaria en aplicación do artigo 36.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e cando se cumpran os demais requisitos sinalados pola normativa aplicable.»

**Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.***

Correspóndelles ao ministro de Educación, Cultura e Deporte e ás universidades, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.***

O presente real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,  
PILAR DEL CASTILLO VERA